



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN
CARLOS CASARES PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Carlos Casares o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Fundación Carlos Casares para a realización de actividades culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:





XIII Curso de Medios Audiovisuais de Celanova. CeMac 2016: Curso Universitario de verán, organizado en colaboración coa Vicerreitoría do Campus de Ourense da Universidade de Vigo a través da Cátedra de Carlos Casares, Agadic e o Concello de Celanova, onde se desenvolven temas relacionados coa esfera da creación audiovisual.

Ofertas de exposicións: Exposición e catálogo: “O principio ao redor do mundo. A colección de Carlos Casares” e os “Mundos de Carlos Casares”: Estas exposicións reúnen, a primeira, máis dun centenar de exemplares da colección de *Principiños* de Carlos Casares e cinco paneis explicativos, e a segunda unha serie de paneis informativos, libros e obxectos persoais do escritor.

Entre outras tamén se realizará unha nova exposición de **“Carlos Casares e a fotografía”**, a visibilización da figura literaria de Carlos Casares (Investigación, preparación do II Simposio Internacional Carlos Casares) a actualización de contidos da páxina web, redes sociais e wikipedia.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa a obra artística e literaria de Carlos Casares, é a Fundación Carlos Casares a encargada da realización de actividades culturais relacionados coa figura de Carlos Casares. Por todo o anterior é a Fundación Carlos Casares a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de xullo de 2016.

